



XORNADA

Faite Profesional da Banca do Futuro

Xoan González (Carballedo –Lugo, 1976)

Formación: Enxeñeiro técnico en Informática de Xestión

- Que fai un experto en xerar negocio nos medios de pago?

- O noso traballo consiste en desenvolver e comercializar novos sistemas de pagamento para empresas e particulares.

Hoxe en día hai unha auténtica revolución nos medios de pagamento, con tecnoloxías emerxentes (QR codes, NFC, tokenización, ...) convivindo con outras xa consolidadas (como os tradicionais cartóns de crédito). Novos xogadores (como Paypal, SetPay ou Apple) competindo coa banca tradicional ou as redes de tarxetas. E están os consumidores, empresas ou particulares, que demandan medios de pagamento seguros, doados de usar e que poidan usar en calquera sitio.

Nesta situación nós desenvolvemos novos medios de pagamento, que comercializamos, mais tamén asesoramos empresas sobre cal é mellor estratexia á hora de escoller e implantar un método de pagamento.

- Como chegaches a esta profesión?

Eu viña do mundo da consultaría informática, traballando para grandes consultoras (que á súa vez eran contratadas por bancos), mais sempre quixen montar algo pola miña conta. Xunto cos actuais socios de SetPay, despois de avaliar moitas alternativas, decidímonos por este sector, que xa coñecíamos e no que cremos que hai moito por facer.

- Que oportunidades de futuro representa?

- Como dixer, o sector está nunha auténtica revolución. E as novas tecnoloxías (Internet, dispositivos móbiles, bitcoin, ...) están abrindo campo para construír novos modelos e métodos de pagamento.

As oportunidades son múltiples, desde construír novos métodos ata asesorar empresas no uso e elección deses métodos.

- Que recomendacións darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta profesión?

- Realmente é un campo bastante específico e require un coñecemento que dificilmente se obtén en libros ou cursos. Na Internet e nos medios especializados en pagamentos si se pode obter máis información. O mellor para aprender rápido é traballar nunha empresa do sector e despois ter contacto con persoas de diferentes ámbitos relacionados co mesmo.